



Luís García Fernández. Director do Centro de Promoción Rural-EFA Fontebó (Coristanco, A Coruña)

► OS DATOS SON ELOCUENTES: EXCESIVA POLARIZACIÓN NA PRODUCCIÓN LÁCTEA, O CAL NON DEIXA DE SER UNHA DEBILIDADE CANDO HAI POSIBILIDADES DE DIVERSIFICAR

O traspaso xeracional, no aire

Talvez non sexa o reto máis urxente do sector agrario en Galicia, pero si o máis importante. E xa se sabe que na toma de decisións hai que priorizar: facer as cousas importantes e non as urxentes, así o aconsella Stephen Covey no seu libro de autoaxuda *Os sete hábitos das persoas altamente efectivas* (1989).

O sector agrario leva demasiados anos facendo cousas urxentes a impulsos das esixencias das normativas emanadas da Comisión Europea e das demandas do mercado, investimentos en bastantes casos sen un plan de viabilidade a medio-longo prazo que contribuíron ao endebedamento da explotación. As decisións e a responsabilidade destas son persoais, pero dende as administracións e desde o propio sector non sempre tivemos as liñas claras cara a onde queríamos ir.

Se poñemos o retrovisor, vemos que desde a incorporación á Unión Europea evolucionamos de maneira notable: fortes investimentos, redución do número de explotacións, especialización produtiva etc. Ano tras ano, os plans de mellora e as axudas á incorporación das mozas dotaron as explotacións de instalacións e de equipamentos idóneos para mellorar nos sistemas de produción e gañar en eficiencia, aínda que talvez as decisións non fosen froito dun proceso de reflexión, senón, máis ben, de impulsos e dunha visión demasiado conxuntural e “curtopracista”.

EXCESIVA DEPENDENCIA DO LEITE

Recentemente, os alumnos de 2.º curso do CFGS de Gandería e Asistente en Sanidade Animal de Fontebó realizaron

un pormenorizado estudo dos plans de mellora e das axudas á incorporación de agricultores novos na convocatoria de 2017. Aprobáronse 692 plans: o 42 % en explotacións de leite e o 27 %, en explotacións de carne, mentres que no resto das orientacións produtivas, só o 31 % dos case 85 millóns de investimento, cunha porcentaxe media de subvención do 46 %.

Son cuantiosos investimentos que reclaman un rigoroso plan de xestión empresarial para que sexan produtivos, pois do contrario poderíamos atoparnos con fortes investimentos en inmovilizado difíciles de amortizar e que incrementan os custos de produción.

Pola súa banda, na mesma convocatoria, cos 360 expedientes de axuda á incorporación de mozas dáse unha situación similar: predominio das incorporacións en explotacións lácteas xa existentes (o 70 % das incorporacións) e o 30 % restante, en proxectos de nova creación.

Os datos son elocuentes: excesiva polarización na produción láctea, o cal non deixa de ser unha debilidade cando hai posibilidades de diversificar e de apostar por outras producións complementarias á produción principal, como se fai desde hai tempo en rexións da nosa contorna.

A FORMACIÓN É A CLAVE

Neste proceso de mellora, nalgúns casos esquecéronse de algo importante ou, simplemente, ignorárono: que futuro terá a explotación pasados 20 ou 30 anos? En moitos casos, polas présas do momento, moitos non llo expuxeron, outros ignorárono olímpicamente.

► A MOCIDADE É O PRESENTE E O FUTURO, POLO QUE DEBERÍA COIDARSE E ESIXIRLLE MÁIS EN FORMACIÓN E NON QUEDARNOS NO “CURSO DAS VACAS”

Nunha reunión recente da Asociación Terra e Leite unha das conclusións foi que o tema da sucesión nas explotacións é un asunto serio e preocupante. A incorporación dun mozo á explotación non se improvisa, non pode ser o sector agrario a alternativa á crise doutras actividades. Iso foi acertado hai 20 anos (cantos gandeiros hoxe boiantes se reconvertiron doutras profesións a esta!).

Hoxe penso que non sería acertado que un mozo asumise a titularidade da explotación por fracasar noutra actividade ou noutros estudos, pois o contexto socioeconómico é diferente ao de hai 20 anos e o penoso é que algúns non se decataron, teñen o compás desaxustado ou simplemente van na profesión sen compás.

Ademais do compás que nos permite situarnos, hai que definir un norte onde queremos chegar e como imos ir cara a ese obxectivo. É o que sería dominar a xestión (tomar decisións acertadas) e ser un experto na estratexia.

O manexo técnico-económico dunha explotación é complexo, esixe dominar diferentes partituras e tocar moitas telas e iso apréndese nos programas regulados de formación profesional, que son os que garanten unha cualificación profesional suficiente e non uns cursos de 250 horas, que aínda que son necesarios administrativamente, son de xeito evidente insuficientes.

INVESTIR EN FORMACIÓN

En definitiva, debemos analizar con rigor que pasa coa incorporación de mozas ás explotacións e preparar o futuro, esixindo que os que se incorporen ás explotacións o fagan cunha cualificación profesional suficiente e contrastada. Para definir cal, basta mirar outros países, por exemplo, Francia, un país no cal para incorporarse á actividade teñen establecidas as seguintes esixencias:

- Unha formación equivalente a un ciclo formativo de grao superior de especialidade agraria
- Dispoñer dun proxecto viable, supervisado por unha comisión de expertos
- Realizar unha estancia de seis meses nunha explotación xa existente

Con estes requisitos pode recibir as axudas e os préstamos á incorporación e, unha vez producida esta, establécese un compromiso de permanencia de 10 anos e outros tantos de levar unha contabilidade de xestión da empresa, ademais dun seguimento técnico do proxecto.

Todos queremos ter un sector agrario competitivo e sustentable no que o traspaso xeracional estea previsto e con formación, adaptado ao contexto actual. A capacitación agraria é condición necesaria, pero non suficiente. A mocidade é o presente e o futuro, polo que debería coidarse e esixirlle máis en formación e non quedarnos no “curso das vacas”. As incorporacións teñen que ser reais e con sólidos proxectos de futuro. ■

FP Agraria

Se queredes información sobre os cursos ofertados pola Xunta de Galicia para Formación Profesional na especialidade de Agraria (2017-2018), podedes consultar a seguinte ligazón: http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/7347

